



**VEN A RECIBIR O ENTROIDO
CON NÓS!**



Visita a nosa web para
ver as fotos do ano pasado:

[http://centros.edu.xunta.es/ceiposcasais/
galeria/index.php](http://centros.edu.xunta.es/ceiposcasais/galeria/index.php)

<http://aspegadasdoscasais.blogspot.com>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U.
C.E.I.P. OS CASAIS

<http://centros.edu.xunta.es/ceiposcasais>

Os mandados do Meco...

Disfraces ...

Desfile ...

Cancións...

Doces...

Esperamos a vosa visita!



centroparacolorar.com



**SEMANA DE ENTROIDO
CEIP OS CASAIS
MANIÑOS**



**Do venres 25 de febreiro,
ata o venres 4 de marzo**

Lugar da Armada s/h
15520 Maniños- Fene

☎ 981360826 Fax 981360826

✉ ceip.oscasais@edu.xunta.es



Necesitamos a vosa colaboración...



O Meco e os seus mandados...

Este curso, coma o ano pasado, celebraremos o Entroido durante toda a semana.

Comezaremos o venres 25 de febreiro co “Meco” na entrada do colexio, e cada día irá mandándonos traer algunha cousa. Tratarase de cousas sinxelas, o importante será botarlle humor e imaxinación... Pregámosvos que dende as familias colaboredes cos alumnos/as nesta tarefa.

O venres día 4 de marzo, teremos os actos máis importantes:

10:30: “Obradoiros de Entroido”: Todo o alumnado irá pasando por distintos obradoiros instalados polo colexio.

12:45: “Desfile, canción e queima do Meco”

13:15: “Degustación de doces típicos do Entroido”

DISFRACES: O venres 4 todos debere-mos traer disfraces. Con roupa que xa non se use, ou dos irmáns maiores dos pais, avós, ou o que sexa... . Podedes traer os complementos que queirades: perrucas, gafas, colgantes etc... Non fai falla vir de “nada”... queremos que sexades orixinais, pero non queremos deses mercados. Este ano toca de “mascaritas”

DOCES: Todos sabemos que os doces típicos máis ricos son.... os da nosa casa, e queremos probalos todos. Por iso gustaríanos que trouxerades orellas, freixós, larpeiradas variadas... para o venres 4.

Con motivo do inicio do periodo de matrícula, celebraremos o día venres 4, unha xornada de portas abertas favorecendo así que os pais/nais vexades como é a nosa liña de traballo e por iso imos levar a cabo uns obradoiros nos que estade invitados a participar nos mesmos. Cando chegedes iremos organizando os grupos para que participedes nos mesmos, se queredes, xunto cos nenos..

Por tanto, todas as familias estades invitadas a vir e ademais **queremos que nos acompañen amigos, veciños e familiares , que queiran matricular aquí os seus fillos e fillas: Dicidadello a todos!** Estaremos ensinando o centro a todas as persoas que se acheguen.

Como noutras ocasións, a ANPA Río de Va, colabora con nós na organización desta actividade